WIKIPEDIA

Lingua serbocroata

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **serbocroata**[3] ou **bosníaco-croata-serbio**, é unha lingua eslava a falada principalmente en Serbia, Montenegro, Croacia e Bosnia e Hercegovina. É unha lingua pluricéntrica con catro variedades estándar mutuamente intelixibles.

Historicamente, os dialectos eslavos meridionais formaron un continuo dialectal. A turbulenta historia da área, particularmente despois da expansión do Imperio Otomán, deu lugar a un mosaico de diferenzas dialectais e relixiosas. Por mor das migracións de poboación, o dialecto *štokavski* converteuse no máis estendido nos Balcáns occidentais, introducíndose nas áreas ocupadas polos dialectos *čakavica* e *kajkavica* (ó tempo que formaba a lingua eslovena no noroeste). Bosníacos, croatas e serbios diferéncianse pola relixión, e historicamente estiveron baixo o poder de señores estranxeiros. Durante este período, a lingua tiña gran variedade de nomes, como "eslavo", "ilirio", ou dependendo da rexión "bosníaco", "serbio" e "croata", este último en combinación con "eslavonio" ou "dálmata".

Serbocroata **srpskohrvatski, hrvatskosrpski** ***српскохрватски, хрватскосрпски***	
Outros nomes:	Serbio, croata, bosníaco, montenegrino
Falado en:	Serbia, Croacia, Bosnia e Herzegovina, Montenegro e Kosovo.
Rexións:	Europa
Total de falantes:	19 millóns (2007)[1]
Familia:	Indoeuropea Baltoeslavo Eslavo Eslavo meridional Occidental **Serbocroata**
Escrita:	Alfabeto latino e cirílico. Braille iugoslavo.
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Serbia (como serbio) Croacia (como croata) Bosnia e Hercegovina (como bosníaco) Montenegro (como montenegrino) Kosovo (como serbio)[2]
Regulado por:	Instituto de Lingua e Lingüística Croata (Croata) Consello de estandarización da lingua serbia (Serbio) Universidade de Sarajevo (Bosníaco)
Códigos de lingua	

Dialectos

A lingua constitúe un diasistema, dividido en dous dialectos principais:

- o croata, que usa o alfabeto latino;
- o serbio, que usa dous alfabetos: o alfabeto cirílico e o alfabeto latino;

ISO 639-1:	`sh (obsoleto)`
ISO 639-2:	`scr, scc (obsoletos)`
ISO 639-3:	`hbs (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=hbs)`



Galego	Croata	Bosníaco	Serbio
Debido ás emisións de gases e á contaminación do aire en Xerusalén, sería preciso tomar precaucións!	**Glede ispušnih plinova i zagađivanja zraka u Jeruzalemu, bilo bi potrebito poduzeti mjere sigurnosti!**	**U pogledu izduvnih gasova i zagađivanja vazduha u Jerusalimu, bilo bi potrebno preduzeti mjere bezbjednosti!**	**У погледу издувних гасова и загађивања ваздуха у Јерусалиму, било би потребно предузети мере безбедности!**

Croata	Bosníaco	Serbio	Galego
B*ij*ela so*l* za ku*h*anje *k*emijski *je spoj* natrija i *k*lora.	B*ij*ela so za ku*h*anje *je* hemijski *spoj* natri*juma* i *h*lora.	Bela so za kuvanje *je* hemijsko *jedinjenje* natri*juma* i *h*lora.	O sal branco para cociñar é un composto químico de sodio e cloro.
Vlak sa željezničkoga *kolodvora* krenut *će* točno u deset *sati*.	*Voz* sa željezničke *stanice* krenut *će* tačno u deset *sati*.	*Voz* sa železničke *stanice* krenuće tačno u deset *sati*/*časova*.	O viaxe en tren comezará exactamente ás dez.

A antiga Iugoslavia era un verdadeiro caldeiro de mesturas: dous alfabetos, tres linguas oficiais, tres relixións predominantes, catro etnias e seis repúblicas. Coa súa disolución produciuse unha simplificación notable no sentido de que cada nova entidade identificouse cun Estado determinado (Serbia, Croacia, Bosnia e Hercegovina e Macedonia do Norte). Malia todo, as dificultades en tódolos niveis nesta rexións dos Balcáns persisten. Inclusive no aspecto lingüístico.

Notas

1. Nationalencyklopedin "Världens 100 största språk 2007" The World's 100 Largest Languages in 2007
2. "Constitution of the Republic of Kosovo" (PDF). p. 2. Consultado o 17 de agosto de 2012.
3. Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/serbocroata) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/serbocroata) para *serbocroata*.



Este artigo sobre lingüística é, polo de agora, só un bosquexo. Traballa nel (https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_serbocroata&action=edit) para axudar a



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua serbocroata***

contribuír a que a Galipedia mellore e medre.
Existen igualmente outros artigos relacionados con este tema nos que tamén podes contribuír.


Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua serbocroata***